



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 7 DE XULLO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 13:30 horas do día 7 de xullo de 2016, réunese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 07-07-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

**Vocais:**

Dna. Susana García Álvarez.  
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez.  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.  
Dna. María Gómez Janeiro

**Secretaria:** Dna Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, se procede a tratar os puntos incluídos na orde do día:

#### **1.- Propostas de adxudicación**

- a) **Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (expediente 8185- 307)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 16:57	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4H-5CDEA4-42A3AA-Y11YDK-JGFNMX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento a) negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (PCAP).

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local celebrada o 29 de xuño de 2016, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no **“procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (expediente 8185- 307)”** no seguinte orde decrecente:*

1. *ORECO, S.A. 88 puntos*

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., o día 29 de xuño de 2016, que presenta a documentación requirida en data 4 de xullo de 2016, dentro do prazo sinalado. Se ben dado que a declaración xurada presentada non era orixinal, aporta unha nova en data 6 de xullo do mesmo ano.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na sesión de data 7 de xullo, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 16:57	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4H-5CDEA4-42A3AA-Y11YDK-JGFNMX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., tal e como desprendese dos informes de valoración da oferta técnica e económica, da xefa de Patrimonio Histórico de datas 23 e 28 de xuño de 2016.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

***“Adxudicar a ORECO, S.A., o procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública por un prezo de 224.000 euros IVE engadido.***

***Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”***



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 16:57	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4H-5CDEA4-42A3AA-Y11YDK-JGFNMX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 13:45 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Dna. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 16:57	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAF4H-5CDEA4-42A3AA-Y11YDK-JGFNMX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		